

 XUNTA DE GALICIA CONSELLERÍA DO MAR Dirección Xeral de Ordenación e Xestión dos Recursos Mariños	Rúa do Valiño 63-65 – San Lázaro 15703 SANTIAGO DE COMPOSTELA Teléfono 981 54 40 07 – Fax 981 54 50 25	 XACOBEO 2010 Galicia
--	--	--

FICHA RESUMO

PE 403A 2009/15-5

Ano	2010
Entidade	CONFRARÍA DE ALDÁN.
Plan explotación⁽¹⁾	PLAN DE EXPLOTACIÓN DE ALGAS
Réxime⁽²⁾	LIBRE MARISQUEO-RECURSO ESPECÍFICO
Modalidade⁽³⁾	MERGULLO EN APNEA E CON SUBMINISTRO DE AIRE DENDE SUPERFICIE

Especies	<i>Laminaria ochroleuca, Laminaria saccharina, Undaria pinnatifida e Saccorhyza polyschides, Fucus vesiculosus, Codium tomentosum</i>
Ambito do plan	De punta Couso a punta Preguntoiro cara ao interior da ría de Aldán.
Subzonas de explotación	

Participantes no plan de explotación		
Número de permex/persoas autorizadas		
Mariscadoras/es a pé	Embarcacións	Tripulantes
	2	5
Ampliación do número de permex⁽⁴⁾		Non
Mariscadoras/es a pé	Embarcacións	Tripulantes/Habilitacións
-	-	-

Calendario de explotación												
Días máximos de extracción	50											
Época y zona probable de extracción⁽⁵⁾	de febreiro a xullo.											
Modalidade⁽³⁾	mergullo en apnea e con subministro de aire dende superficie											
xan	feb	mar	abril	maio	xuño	xullo	agosto	setemb	outub	novemb	dec	
	X	X	X	X	X	X						

Topes de captura	
Especies	Embarcación/día
Algas (especies autorizadas)	1000 kg, cun máximo de 500 kg/especie e máximo de 2 especies/día.

Artes a empregar	Mergullo en apnea e con subministro de aire dende superficie
-------------------------	--

Puntos de control	Lonxa da confraría de Aldán
Puntos de venda	Lonxa da confraría de Aldán

Accións a realizar ⁽⁷⁾	Épocas probables ⁽⁸⁾											
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
Rexeneración zonas improdutivas												
Zonas:												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
Limpezas e arados												
Zonas:												



Outras consideracións ⁽⁹⁾

Participantes, no plan de explotación figuran 4 embarcacións e 10 tripulantes (5 prazas vacantes), sen embargo dado que as embarcacións renunciaron a arte de “Algas” no proceso de outorgamento da arte de “Ourizo” quedan excluídas do plan, quedando o número de **embarcacións autorizadas no plan é de 2 e 5 tripulantes (10 vacantes)**.

Calendario: tendo en conta a evolución deste plan dende o ano 2006, no que o ano con maior actividade foi de 16 días, cómpre reducir o número de días solicitado, co obxecto de axustalo á realidade extractiva, quedando en 50 días.

Horario: lémbrese que de acordo co Decreto 424/1993, o horario para o marisqueo desde embarcación será de 8 a 14 horas.

Remisión de datos: Para mellorar a xestión dos bancos e evitar situacións de sobrepesca é necesario realizar un control do esforzo pesqueiro e das capturas. Polo tanto, os datos da explotación necesarios para o seguimento do banco deberán ser remitidos regularmente á delegación correspondente, de xeito que coa solicitude de apertura mensual os técnicos deberán ter recibido os datos do mes anterior (extracción diaria por barco e zona de orixe). Na petición de apertura temen deberán indicar as 2 especies que pretenden explotar/día e a empresa que pretende adquirir as algas, de coñecerse.

Actividade de mergullo:

O informe sobre a actividade de mergullo emitido en data 06.11.2009 é favorable a realización das inmersións necesarias para a execución do plan, sempre e cando a actividade sexa aprobada a efectos de seguridade pola capitania marítima correspondente, coas seguintes especificacións:

Mergullo en apnea: máximo 10 metros

Mergullo con subministro de aire dende superficie: máximo 12 metros, cun tempo total no fondo que non requira a realización de paradas de descompresión.

Coa primeira solicitude de apertura deberán presentar o plan de seguridade aprobado pola autoridade marítima correspondente.

Recomendacións para a mellora do plan:

- Realizar unha avaliación do recurso con anterioridade ao inicio da explotación.
- Indicar o funcionamento e responsables do punto de control